



ACTA XUNTA DIRECTIVA

As persoas que á marxe se nomean, convocadas en tempo e forma, reúnense o **luns día 17 de xuño de 2024** vía telemática para trataren a seguinte

ORDE DO DÍA

1. Nacional Corcheo Mar 2024.
2. Open Corcheo Mar 2024.
3. Rogos e Preguntas.

O Presidente abre a xuntanza ás 21:32 horas do día sinalado no encabezamento.

1.- Nacional Corcheo Mar 2024.

O Presidente informa aos presentes das irregularidades detectadas no pasado XVIII Campionato de Corcheo Mar, desenvolto na ría de San Esteban de Pravia en Asturias, por parte dun deportista integrante da Selección Galega onde, entre outras, prescinde do uso do uniforme da Selección Galega de Pesca durante o desenvolvemento da competición.

Despois de debate, perante a perda de confianza nese deportista, a Xunta Directiva decide por unanimidade retirarlle ao deportista implicado a condición de integrante da Selección Galega de Pesca e Casting para o vindeiro nacional de Auga Doce, e que o Presidente do Comité desa especialidade nomee substituto.

2.- Open Corcheo Mar 2024.

O Presidente informa aos presentes que o pasado 11 de xuño recibiu unha comunicación da Escuela Naval Militar de Marín na que se lle informaba da negativa á autorización para que ese fose o escenario do vindeiro Open corcheo mar. Tras

debate entre os asistentes, decídese por unanimidade iniciar os trámites e solicitudes para trasladar o escenario e poder realizar a proba na Estación Naval da Graña en Ferrol.

3.- Rogos e preguntas.

Debátense outros temas de diversa índole, sen que se medie solicitude expresa de facer constar en Acta.

Esgotada a ORDE DO DÍA, o Presidente da por rematada a xuntanza ás 21:54h.

Eu coma Secretario dou Fe.

D. Manuel Mouzo Méndez

Presidente

D. Manuel Rodríguez Meira

Vicepresidente Primeiro

D. Manuel Campos Cruz

Subdelegado Pontevedra

Pte. Comité Mar Costa

D. Juan Ramiro Agra Requeijo

Pte. Comité Salmónidos

D. Benigno F. Rodríguez Bejarano

Pte. Comité Corcheo Mar

D. Alejandro Pérez Treballe

Delegado Lugo

D. Juan Manuel Castro Fuentes

Secretario

Asdo. Juan Manuel Castro Fuentes

Secretario

Vº e Prace:
Manuel Mouzo Méndez
Presidente